



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

**Expte: 2022/G007/000020**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas, corenta e cinco minutos do día dezaseis de xuño de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández. Non acude excusando a asistencia, don Alejandro Antonio García Sousa; para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes atendendo á Orde do Día:

### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS: 02.06.22 (ORDINARIA) E 09.06.22 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións ditas, quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (votación ordinaria dos membros asistentes ás sesións, e aprobadas por unanimidade).

#### **2º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 5 E FINAL DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN, MODIFICADO 1 DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE”, POS 2018.-**

#### PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

Proposta de aprobación da certificación n.º 5 e final do Proxecto Básico e de Execución modificado 1 de Campo de fútbol de herba artificial no Campo de fútbol de Mourente da Convocatoria POS+OBRASSUM/2018 Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2018 da anualidade 2018 da Excma. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 27 de maio do 2022.

A devandita certificación n.º 5 e final do Proxecto Básico e de Execución modificado 1 de Campo de fútbol de herba artificial no Campo de fútbol de Mourente foi inxerida no Rexistro do Concello de Valdoviño en data 6 de xuño do 2022 (202199900000803) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente o 30 de maio do 2022 pola empresa adxudicataria Galitec Desarrollos Tecnológicos S.L. con C.I.F. núm. B36495604 por importe de 8.866,43 €. Visto o Informe de Intervención EMP 51/2022 con resultado de fiscalización favorable con observacións emitido en data 9 de xuño do 2022.

Conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

**Primeiro.-** Aprobar a certificación n.º 5 e final do Proxecto Básico e de Execución modificado 1 de Campo de fútbol de herba artificial no Campo de fútbol de Mourente e a correspondente factura número FE22 60 do 30 de maio do 2022 con número de rexistro contable F/2022/1292, emitida por Galitec Desarrollos Tecnológicos S.L. con C.I.F. núm. B36495604 por importe de 8.866,43 €.

**Segundo.-** Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 5 e final do Proxecto Básico e de Execución modificado 1 de Campo de fútbol de herba artificial no Campo de fútbol de Mourente da Convocatoria POS+OBRASSUM/2018 Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2018 da anualidade 2018 da Excma. Deputación de A Coruña deberán descontárselle 236,53 € pola dirección e inspección de obra e 78,84 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Proposta asinada dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe.”

**A Xunta de Goberno Local, acorda en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a conforman) a aprobación da Certificación N° 5 e final da obra antedita, conforme á descrita proposta de Alcaldía.**

**3º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA, LIMPEZA XERAL E PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES NO CONCELLO DE VALDOVIÑO (O LONGOIRO).- (ADXUDICACIÓN).-**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**“Expediente: 2021/C004/000007**

“Procedemento aberto, tramitación urxente, varios criterios de adxudicación.  
Orzamento base de licitación: 57.489,78 euros (IVE incluído).  
15,18€/hora máis IVE (3,19), cun total de 18,37€/hora.

Tramitado o expte de contratación citado, con publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado, (perfil contratante), aperturados os sobres para a documentación e o sobre de criterios evaluables automáticamente,

Visto que foron admitidas todas as empresas según se recolle na acta; Visto o contido da acta do 8 de febrero de 2022, onde se recollen as valoracións finais en base ao informe técnico segundo se especifica:

“ .....

### ANTECEDENTES

Se redacta el presente informe a petición del Concello de Valdoviño, para la evaluación de las ofertas presentadas a la licitación del contrato de servicios: “CONSERJERÍA, LIMPIEZA GENERAL Y PEQUEÑOS TRABAJOS DE MANTENIMIENTO DEL PABELLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DEL CONCELLO DE VALDOVIÑO (O LONGOIRO)”.

Documentación de referencia:

- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES
- PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARA LA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO DE LA PRESTACIÓN DEL SERVICIO DE ESCUELA DE MÚSICA DEL AYUNTAMIENTO DE VALDOVIÑO.

Ofertas analizadas:

Se reciben diez ofertas:

- COMBINA SOCIAL, S.L.
- LIMANFER, S.L.
- ESPROADE, S.L.
- INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA S.L. (INTEGRA)
- LIMPERGAL, S.L.
- ONET IBERIA SOLUCIONES, S.L. (ONET)
- OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS, S.L.
- SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVALIDOS, S.L. (SERVIGAMI)
- SOMOS ENREDOS, S.L.
- SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.
- 

### OBJETO DEL DOCUMENTO

El objeto del presente informe es la evaluación de las ofertas según los criterios establecidos en el Pliego de Prescripciones Administrativas del Contrato.

### TRABAJOS OBJETO DEL CONTRATO, SEGÚN PPTP

La prestación del servicio objeto de contratación comprende la apertura, cierre, control, limpieza, mantenimiento y conserjería del Pabellón Municipal de O Longoiro.

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR LOS LICITADORES (cláusula décima PCAP)

La documentación a presentar es la siguiente:

- Sobre A: Documentación administrativa.
  - o Índice y datos de licitador a efectos de notificación electrónica
  - o Declaración responsable del licitador indicativa del cumplimiento de las condiciones establecidas legalmente para contratar con la Administración.
  - o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC)
  - o Compromiso de constitución de unión temporal de empresarios, si es el caso.
  - o Declaración de pertenencia a grupo empresarial.
  - o Especialidades en la documentación que tienen que presentar los empresarios extranjeros.
  - o Informe que acredite la capacidad de obrar.
  - o Informe de reciprocidad a que se refiere el artículo LCSP.
- Sobre B: Oferta económica y propuesta sujeta a evaluación posterior.
  - o Oferta económica
  - o Nº de horas ofertadas a libre disposición al servicio del Concello de

Valdoviño.

0

### CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN (cláusula 11 DEL PCAP)

Criterios cuantificables automáticamente (hasta un máximo de 100 puntos)

- Oferta económica:

Menor precio: 75 puntos

Se valorará cada precio/hora ofertado sin IVA de acuerdo con la siguiente fórmula:

- Nº de horas ofertadas a libre disposición al servicio del Concello de Valdoviño: de 0 a 25 puntos.

Por la puesta a disposición de una bolsa anual de horas adicionales sin coste, para cualquier actividad extra de limpieza, mantenimiento, coordinación o conserjería que demande el Concello de Valdoviño, por motivos de actos especiales, eventos deportivos puntuales, etc. Se valorarán las propuestas por encima de 40 horas anuales hasta un máximo de 180 horas anuales (25 puntos), y según la siguiente fórmula:

### ANÁLISIS DE LA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR LOS LICITADORES

A continuación, se resume la oferta presentada por los licitadores:

Licitador	Oferta económica (€/h) IVA incluido	Nº de horas adicionales	Observaciones
<b>Combina Social SL</b>	18,06	180	--
<b>Limanfer SL</b>	15,13 (*)	180	(*) El licitador presenta oferta por total de 47.357,90 €/IVA incluido, de donde se calcula el precio horario sobre un total de 3.129,547 horas, deducido a su vez dividiendo el precio estimado de licitación por el precio horario de licitación.
<b>Esproade SL</b>	17,90	180	--
<b>Integra</b>	16,27	180	--
<b>Limpergal SL</b>	18,35	0	--
<b>Onet</b>	18,11	180	--
<b>Osventos</b>	16,73	180	--
<b>Segami</b>	<b>16,58</b>	<b>180</b>	--

<b>Somos Enredos</b>	15,73	180	--
<b>Servicios Deportivos Galicia</b>	18,00	180	--

#### VALORACIÓN DE LAS OFERTAS

En la tabla siguiente se incluye la valoración de las ofertas estudiadas, de acuerdo a los criterios establecidos en el PCAP.

Licitador	Oferta económica (€/h) IVA incluido	Puntuación (A)	Nº de horas adicionales	Puntuación (B)	Puntuación total (A+B)	Observaciones
<b>Combin a Social SL</b>	18,06	62,83	180	25	87,83	--
<b>Limanfer SL</b>	15,13 (*)	75	180	25	100	(*) El licitador presenta oferta por total de 47.357,90 €/IVA incluido, de donde se calcula el precio horario sobre un total de 3.129,547 horas, deducido a su vez dividiendo el precio estimado de licitación por el precio horario de licitación.
<b>Esproad e SL</b>	17,90	63,39	180	25	88,39	--
<b>Integra</b>	16,27	69,74	180	25	94,74	--
<b>Limpergal SL</b>	18,35	61,84	0	0	61,84	--
<b>Onet</b>	18,11	62,66	180	25	87,66	--
<b>Osventos</b>	16,73	67,83	180	25	92,83	--
<b>Segami</b>	16,58	68,44	180	25	93,44	--
<b>Somos Enredos</b>	15,73	72,14	180	25	97,14	--
<b>Servicio</b>	18,00	63,04	180	25	88,04	--

Licitador	Oferta económica (€/h) IVA incluido	Puntuación (A)	Nº de horas adicionales	Puntuación (B)	Puntuación total (A+B)	Observaciones
<b>s Deportivos Galicia</b>						

## CONCLUSIÓN

Se considera que el presente documento da cumplimiento a los requerimientos del mismo, por lo que se eleva a la mesa de contratación para los efectos oportunos.”

CONSIDERA a Mesa que se ben a proposición presentada pola empresa LIMANFER S.L, non se axusta exactamente ao modelo recollido nos pregos, elo non altera sustancialmente o sentido da oferta; por elo por unanimidade dos asistentes, ACORDA:

.- **SOLICITAR** á empresa LIMANFER S.L que aclare o sentido da oferta de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

Acordo respaldado polo propio Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, a título meramente exemplificante, a Resolución 723/2020 de 26 de xuño de 2020.

Visto o contido da acta do 7 de abril, que di, entre outros:

“Requerido por acordo da anterior sesión de Mesa de Contratación de evaluación das ofertas dos criterios evaluables automáticamente que a empresa LIMANFER S.L aclárase o sentido da oferta de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación; dita empresa o 23.03.22 (registro 202299900000344) presenta a documentación.

A Mesa de Contratación comproba a documentación da empresa, quen adxunta novamente o Anexo I Prezo/hora base: 12,50€/hora; importe IVE: 2,625€ total: 15,125€, indicando que a oferta presentada no seu día prantexouse en termos globais, tendo en conta o número de horas totais que recolle a licitación, 1565 horas anuais, que multiplicadas polo prezo hora ofertado (12,50€/hora + IVE), acadan un importe total anual de 19.569,38€+IVE, tal como se fixo contar na oferta.

Considerada aclarada a oferta conforme ao prego, coincidente os importes co informe técnico realizado e que consta en acta sesión de 8 de febreiro de 2022.

A Mesa de Contratación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, ACORDA:

1.- Elevar as actuacións así coma as puntuacións obtidas polos licitadores ao órgano de contratación para a súa aprobación.

2.- **PROPOÑER** como adxudicatario do servizo a LIMANFER S.L NIF B15595960, motivado en que obtivo a maior puntuación, comprobados datos da entidade no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, previa presentación da documentación que esixe o prego para a adxudicación. “

A Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de abril de 2022, ACORDA:

“**Primeiro.-** Tomar en consideración o actuado no expediente de contratación do referido

servizo e aprobar a proposta final da Mesa de Contratación.

**Segundo.-** Vista dita proposta e Visto o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, **REQUERIR** á empresa LIMANFER S.L, para que dentro do prazo de 7 DIAS HÁBILES, a contar dende o seguinte no que reciba o requerimento presente por medios electrónicos ou con sinatura electrónica a documentación a que se refire a cláusula decimoseptima do prego e décimo oitava.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a documentación citada, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación.”

En data 13.05.22 (entrada 202299900000652), a empresa LIMANFER, S.L. achega a documentación requerida.

Visto a documentación presentada pola empresa tralos requerimentos,

Visto que o Concello ten verificado que a empresa proposta coma adxudicataria está ao corrente coas súas obrigas tributarias co Concello,

Dáda conta á Xunta de Goberno Local dos antecedentes expostos e do informe de fiscalización da intervención municipal nº EMP 52/2022 para o seu coñecemento; esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.-** ADXUDICAR á empresa LIMANFER S.L. B15595960 o contrato de servizos de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do Pavillón Municipal de Deportes do Concello de Valdoviño (O Longoiro) motivado en que resultou a oferta máis vantaxosa obtendo a maior puntuación polo prezo de

.- Prezo/Hora base.- 12,50€/hora.

.- Importe IVE.- 2,625€

.- **Total 15,125€**

Mellora ofertada: Horas de posta a disposición do Concello de Valdoviño que se aplicarán de acordo ao punto 5 das cláusulas técnicas.- 180 horas/ano.

A vixencia do contrato estenderase dende o día seguinte á formalización do contrato administrativo e durante un prazo de dous anos. O contrato poderá prorrogarse ano a ano ata un máximo de dous anos de prórroga condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercizo orzamentario. (Cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación).

O adxudicatario cumprirá co estipulado no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e prestará o seu servizo de acordo coa súa oferta.

**SEGUNDO.-** Dispoñer o gasto con cargo á correspondente partida do presuposto municipal; dando conta este acordo aos servizos económicos municipais para que realicen os trámites e pratiquen as anotacións que procedan.

**TERCEIRO.-** Designar como unidades encargadas do seguimento e execución do servizo as concellerías de deportes e de servizos recaendo sobor dos concelleiros que no seu intre

desempeñe ditos cargos.

**CUARTO.-** Notifíquese dito acordo á empresa adxudicataria así como a tódalas empresas participantes na licitación; requirindo á adxudicataria para a sinatura do contrato, e trala sinatura do mesmo, subscribase Acta de comezo do servizo pola persoa representante do Concello e pola persoa representante da empresa adxudicataria.

**QUINTO.-** Publicar o acordo de adxudicación no perfil do contratante.

Non obstante a Xunta resolverá o que estime máis convinte.  
*/Documento asinado na marxe polo alcalde/.*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (4 dos seus 5 membros) acorda adxudicar o servizo de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do Pavillón municipal de deportes O Longoiro, conforme á proposta de Alcaldía, anteriormente transcrita.**

#### **4º.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL AUXILIAR ADMINISTRATIVO VINCULADO AO POS+ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS EXTRAORDINARIOS DO EXERCIZO 2022.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL AUXILIAR ADMINISTRATIVO VINCULADO A POS+ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCIZO 2022:

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de incorporar o posto de auxiliar administrativo vinculado á concesión da subvención do POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinario, visto o recoñecemento da retención de crédito e visto o informe técnico da traballadora social que se transcribe a continuación:

**PRIMEIRO.** *Por resolución de Alcaldía número 375 de data 27 de setembro de 2019 acordouse aprobar as bases para creación de lista de aspirantes para futuras coberturas como funcionario/a interino/a de prazas de auxiliar administrativo, mediante o sistema de oposición libre, publicadas no BOP da provincia de A Coruña nº 187 de 2 de outubro de 2019.*

**SEGUNDO.** *Vista a necesidade urxente e inaprazable deste Concello de reforzar o aspecto administrativo no departamento de servizos sociais con motivo da carga de traballo que no momento actual ocupa o día a día do departamento, para garantir a axilidade na tramitación de procedementos e atención de demandas, así como reforzar e prestar o apoio adecuado ao traballo do actual persoal técnico adscrito ao departamento, e así favorecer a calidade na atención.*

**TERCEIRO.** *Vista a resolución de concesión da subvención para gastos sociais extraordinarios POS+Adicional 1/2022 do exercizo do 2022 no que se aproba a cantidade de 26.400 euros para contratación de reforzo de persoal técnico/administrativo,*



## **PROPOÑO**

*A contratación do perfil profesional de auxiliar administrativo á maior brevidade posible, a través da actual listaxe para cobertura de prazas de auxiliar administrativo, dadas as necesidades actuais do departamento e a acumulación de tarefas de carácter administrativo, para a posta en práctica de todos os programas básicos e específicos de servizos sociais e o reforzo administrativo correspondente do departamento.”*

En vista do mesmo, **PROPOÑO** a contratación do perfil profesional de auxiliar administrativo á maior brevidade posible, a través da actual listaxe para cobertura de prazas de auxiliar administrativo.

En Valdoviño, na data que figura na marxe esquerda  
O alcalde”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (4 dos seus 5 membros) acorda aprobar a proposta de Alcaldía, anteriormente transcrita.**

## **5º.-EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: ABASTECIMIENTO EN OUTEIRO E OUTRO.-**

### **Expediente. 2021/C003/000005**

Proposta de Alcaldía:

CONSIDERANDO a tramitación do expediente citado, da que se desprenden os seguintes antecedentes xerais:

Por decreto de Alcaldía númm. 404/2021 acordouse participar no Plan POS+Ad 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, con inclusión, entre outras da obra citada.

Proxecto redatado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, Nº Col. 22.992 de “Estudio Técnico Gallego”.

Financiamento:

Deputación .- 70.619,05€

Concello: 9.472,10€

Total proxecto sen IVE.- 66.191,03€

IVE.- 13.900,12€

Total proxecto .- 80.091,15 euros

Trámites preparatorios e acordo aprobación expte contratación e comezo de adjudicación (procedemento aberto, único criterio valoración factor prezo, tramitación ordinaria), en Xunta de Goberno Local do 30.09.21.

Anuncio no perfil do Contratante (PCSP) o 5.10.21; aperturados os sobres da documentación administrativa (A) por Mesa de Contratación en sesión de 22.11.21; presentándose varias empresas licitadores, todas elas admitidas en dita sesión.

Aperturado o sobre de Oferta económica (C), en sesión de 2012.21; constan as ofertas adaptadas ao modelo:

“.- NIF: B15840861 BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 65.743,78 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 13.806,19 €

c) Total (a+b): 79.549,97 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar.

.-NIF: B94075207 CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI SL

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 60.300,03 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 12.663,00 €

c) Total (a+b): 72.963,03 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar.

.- NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 59.571,93 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 12.510,11 €

c) Total (a+b): 72.082,04 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar.

.- NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 57.768,60 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 12.131,40 €

c) Total (a+b): 69.900€

5º.- Que non ten previsto subcontratar

.- NIF: B15822620 EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 58.579,06 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 12.301,60 €

c) Total (a+b): 70.880,68€

5º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

_Unidades o partes de obra A subcontratar	Importe IVE INCLUÍDO	Nome ou perfil empresarial do subcontratista
Capítulo 2- Trat asflt. semiprofundo	1.796,33 €	Empresa de aglomerado asfáltico
Capítulo 2- Trat asflt. superficial	2.439,03 €	Empresa de aglomerado asfáltico
Capítulo 2- Rego sellado	1.787,22€	Empresa de aglomerado asfáltico
TOTAL	6.022,58 €	

.-NIF: B70093539 EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 58.565,82 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 12.298,82 €

c) Total (a+b): 70.864,64€

5º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

_Unidades o partes de obra A subcontratar	Importe IVE INCLUÍDO	Nome ou perfil empresarial do subcontratista
M2 tratamento asfáltico semiprofundo	1.705,68 €	Arias Infraestructuras Canarga
M2 tratamento asfáltico superficial	2.315,94 €	Arias Infraestructuras Canarga
Capítulo 2- Rego de selado	1.697,03€	Arias Infraestructuras Canarga
TOTAL	5.718,65 €	

.- NIF: B15464795 GESTAL Y LÓPEZ S.L.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 63.986,87 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 13.437,24 €

c) Total (a+b): 77424,11 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar

.- NIF: B32108334 HORDESCON, S.L.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 62.265,90 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 13.075,84 €

c) Total (a+b): 75.341,74 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar

.- NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 62.000 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 13.020 €

c) Total (a+b): 75.020 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar

.-NIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 61,431,90 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 12.900,70 €

c) Total (a+b): 74.332,60 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar

.-NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas Administrativas Particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 58.115,65 €

b) Imposto sobre o valor engadido ( IVE ) 21 %: 12.204,29 €

c) Total (a+b): 70.319,94 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2021/C003/000005 - Abastecemento en Outeiro e Outro

Efectuase dita valoración co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación Provincial da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE.- 66.191,03 euros.

Límite oferta temeraria.- 59.655,99 euros.

NIF: B15840861 BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.:

100% prezo. Valor introducido polo licitador: 65743.78.- Baixa (%) 0,68.- Puntuación: 3,17

NIF: B94075207 CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI SL:

100% prezo Valor introducido polo licitador: 60300.03 Baixa (%) 8,90.- Puntuación: 41,53

NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador: 59571.93 Baixa (%) 10,00- Puntuación:  
46,67.- BAIXA TEMERARIA.

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador: 57768.60 .- Baixa (%) 12,72- Puntuación:  
59,36 .- BAIXA TEMERARIA.

NIF: B15822620 EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador.- 58579.06 .- .- Baixa (%) 11,50-  
Puntuación: 53,67 .- BAIXA TEMERARIA.

NIF: B70093539 EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador.- 58565.82 .- Baixa (%) 11,52- Puntuación:  
53,76 .- BAIXA TEMERARIA.

NIF: B15464795 GESTAL Y LÓPEZ S.L.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador.- 63986.87 .- Baixa (%) 3,33 Puntuación:  
15,54

NIF: B32108334 HORDESCON, S.L.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador.- : 62265.90.- Baixa (%) 5,93 .- Puntuación:  
27,67

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador.- : 62000.00 .- Baixa (%) 6,33 Puntuación:  
29,54

NIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador.- 61431.90 Baixa (%) 7,19 Puntuación:  
33,55

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.:  
100% prezo Valor introducido polo licitador.- 58115.65 Baixa (%) 12,20 Puntuación:  
56,93.- BAIXA TEMERARIA”

De conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación mediante procedemento aberto cun único criterio de adxudicación- factor- prezo- das obras comprendidas nos plans provinciais (Ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP):

“ Cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anomalía, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anomalía de la oferta, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos”.

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

**1º.-** REQUERIR á empresa NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o requerimento xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

**2º.-** REQUERIR á empresa NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L., para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o requerimento xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

**3º.-** REQUERIR á empresa NIF: B15822620 EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L., para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o requerimento xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

**4º.-** REQUERIR á empresa NIF: B70093539 EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L., para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o requerimento xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

**5º.-** REQUERIR á empresa NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L., para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o requerimento xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

**6º.-** A documentación xustificativa da baixa, presentada polos licitadores requeridos, pasará a estudo de técnico competente para o pertinente informe, a efectos de que o órgano de contratación poida resolver.

En data 10.01.2022 efectúanse os requeriementos as empresas incursas en baixa anormal, segundo o acordado pola Mesa de Contratación e presentan a documentación xustificativa da baixa:

.- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A

.- EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.

.- SYR-AMG, S.L.

En data 16.02.2022, remítese a técnico municipal (arquitecto técnico) a documentación xustificativa das baixas para informe.

En data 02.06.22, o técnico municipal envía os informes nos que concreta:

Empresa Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.

“(…)

. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, non queda xustificada correctamente a oferta económica presentada, por non achegar a oferta detallada que se sinala no apartado 1.C, tendo que seguir considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”**

Empresa Excavaciones Saavedra y López, S.L.

“(…)

o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ OBRAS SL, **queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.**

SYR-AMG, S.L.

“(…)

o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa **SYR-AMG, SL, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.**

Tendo en conta o criterio técnico e dado que a empresa máis vantaxosa en puntuación é “EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L”

PROPONSE pola Alcaldía á Xunta de Goberno Local adoptar os seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.-** Excluir da licitación ás empresas “Excavaciones y Canalizaciones Conde, S”L e “Excavaciones y Obras Marcos, S.L”, por non presentar documentación xustificativa da baixa que lles foi requerida e á empresa “Eulogio Viñal y Obras Construcciones S.A” por non xustificar debidamente a baixa anormal da súa oferta.

**SEGUNDO.-** De conformidade co estipulado no punto 16.- Adxudicación en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación,

**REQUERIR ao licitador EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L NIF B15164106** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

**TERCEIRO.-** Notifíquese dito acordo ás empresas referidas.

Non obstante, a Xunta decidirá o que estime máis convinte  
*Documento asinado electrónicamente polo alcalde.*

**A Xunta de Goberno Local, acorda en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a conforman) a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.**

## **6º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

### **A.- Licenza de obra maior (construcción de vivenda unifamiliar)**



**.- Expte. de obras 222/2021.-** [REDACTED] (representada por **Mónica Lourido Vázquez**).- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar no Lugar de [REDACTED] parroquia de Pantín, Valdoviño. Obtivo a licenza municipal de obras polo acordo de Xunta de Goberno Local en data 24.03.2022.

Como condición expresa da licenza de obras, impóñese a obrigación de non iniciar as obras en tanto non fose aportado ao expediente a seguinte documentación:

- Proxecto de execución, visado
- Nomeamento do arquitecto como director de obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado polo dito colexio
- Nomeamento do arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obras, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado polo dito colexio.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente en data 25.05.2022 co núm. de rexistro 202299900000724 e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 14 de xuño de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.- Conceder** a licenza de obras a [REDACTED] (representada por **Mónica Lourido Vázquez**).- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] parroquia de Pantín, Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta **Mónica Lourido Vázquez** e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 9 de marzo de 2022, xa que as condicións urbanísticas non han variado e polo tanto a actuación segue sendo viable segundo os parámetros da ordenanza de aplicación de Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal segundo informe do arquitecto municipal de data 19 de abril de 2022.

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite.

Valdoviño, 14 de xuño de 2022.

O Alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, acorda en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a conforman) conceder a licenza do expte de obras 222/2021, conforme á proposta de Alcaldía antedita.**

**B.-) Licenza de parcelación**

**.- Expte. de parcelación 08/2021.-** (en representación de

- Para licenza de segregación e agrupación de fincas, proxecto realizado polo arquitecto técnico Juan José Meizoso no Lugar as Penas , na parroquia de Sequeiro, Valdoviño.

En canto a parcela solicitada, é de rigor facer as seguintes apreciacións.

1.- Pártese das denominadas parcelas ou fincas orixinais, que teñen as seguintes características

- Parcela 1 (FR-01) (referencia catastral n.º ) Superficie: 730 m<sup>2</sup> (sup. neta parcela: 730 m<sup>2</sup>). Sobre dita parcela constrúese unha vivenda unifamiliar cunha superficie ocupada en planta de 232 m<sup>2</sup> (segundo expediente de obras n.º 128/2015). Ten fronte ao camiño municipal polo seu linde este.
- Parcela 2 (FR-02) (referencia catastral n.º ) Superficie: 767 m<sup>2</sup> (sup. neta parcela: 767m<sup>2</sup>). Non contén edificacións. Ten fronte ao camiño municipal polos seus lindes sur e leste.
- Parcela 3 (FR-03) (referencia catastral n.º ). Superficie: 1.401 m<sup>2</sup>, dos cales 48 m<sup>2</sup> encóntranse en solo Rústico e 1.353 m<sup>2</sup> encóntranse en solo de Núcleo Rural. Conteñen as seguintes construcións:
  - Unha vivenda unifamiliar e un almacén cunhas superficies de ocupación en planta de 113 m<sup>2</sup> y 34 m<sup>2</sup>, respectivamente e un local auxiliar destinado a establos e almacén adosados á vivenda, ambos de planta baixa e cunha superficie de ocupación en planta de 109 m<sup>2</sup>.
  - A parcela conta co fronte ao camiño público polos seus lindes sur e leste.

2.- Como paso intermedio (ver plano S-1 del proxecto), da Parcela 2 (FR-02) segréganse dúas porcións de terreno, unha de 185,60 m<sup>2</sup> que se agrupa neste mesmo acto coa Parcela 3 (FR-03) e a outra de 10 m<sup>2</sup> que se agrupa coa Parcela 2 (FR-02), asimesmo, da Parcela 3 (FR-03) segrégase unha porción de terreno de 39,90 m<sup>2</sup> que se agrupa coa Parcela 1 (FR-01), quedando as fincas resultantes coas seguintes características (ver plano S-2 do proxecto):

- Parcela Resultante FR-1. Superficie: 769,90 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 769,90 m<sup>2</sup>). Contén a vivenda unifamiliar aillada construída segundo o expediente de obras n.º 128/2015. Ten fronte ao camiño municipal polo seu linde leste.
- Parcela Resultante FR-2. Superficie: 591,40 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 591,40 m<sup>2</sup>). Non conteñen edificacións. Teñen fronte ao camiño municipal polos seus lindes sur e leste.
- Parcela Resultante FR-3. Superficie: 1.536,70 m<sup>2</sup>, dos cales 48 m<sup>2</sup> encóntranse en solo Rústico e 1.488,70 m<sup>2</sup> encóntranse en solo de Núcleo Rural.

5.3. Como paso final, procédese a agrupar a Parcela Resultante FR-1 coa Parcela Resultante FR-2, de maneira que se obteñen as seguintes fincas definitivas (ver plano S-2 do proxecto):

- Parcela Resultante 3 (FR-03). Superficie: 1.536,70 m<sup>2</sup>, dos cales 48 m<sup>2</sup> encóntranse en solo Rústico e 1.488,70 m<sup>2</sup> encóntranse en solo de Núcleo Rural.
- Parcela Resultante 4 (FR-1+FR-02). Superficie: 1.361,30 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 1.361,30 m<sup>2</sup>).

En canto a licenza solicitada , os lotes resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
<b>PARCELA RESULTANTE 3 (FR-03)</b>	<b>1.573 m<sup>2</sup></b>	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.488,70 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	1.488,70 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	0
		Suelo Rústico	Sup. parcela	48 m <sup>2</sup>
<b>PARCELA RESULTANTE 4 (FR-01+FR-02)</b>	<b>764 m<sup>2</sup></b>	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.361,30 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	1.361,30 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	0

E de acordo coa documentación técnica achegada polo arquitecto Juan José Meizoso Prego aportado o 24.05.22 e 29.05.22.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 13 de xuño de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licencia de segregación e agrupación de fincas solicitada a [REDACTED] nas condicións que figuran na documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Juan José Meizoso Prego e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 13 de xuño de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 343.44 €.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 14 de xuño de 2022  
O Alcalde,  
Asinado/Alberto González Fernández

**A Xunta de Goberno Local, acorda en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a conforman) conceder a licenza de parcelación no expte de obras 08/2021, conforme á proposta de Alcaldía antedita**

**7º.- CONCESIÓN DE ANTICIPO REINTEGRABLE A FUNCIONARIO MUNICIPAL, DON [REDACTED]**

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“CONCESIÓN DE ANTICIPO REINTEGRABLE A PERSOAL FUNCIONARIO SEGUNDO ACORDO REGULADOR

Vista a solicitude presentada por [REDACTED] en data 13/06/2022, funcionario do Concello de Valdoviño, no que solicita a concesión dun anticipo reintegrable de catro mensualidades, trasládase a documentación indicada á Intervención Municipal e solicítase verbalmente que emita informe de fiscalización da previa.

Dando constancia do indicado da conta da existencia de crédito, previa a oportuna modificación de crédito para dotar a parte restante sobre os 3.000,00 euros dispoñibles na aplicación 920 830 00, en consecuencia visto o importe que supón, propónse:

**PRIMEIRO:** Conceder un anticipo de 8.675,16 € (*importe correspondente a catro mensualidades dos seus haberes totais brutos*) a [REDACTED] de acordo co establecido no artigo 20 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios e funcionarias do Concello de Valdoviño, a devolver en 40 mensualidades.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O Alcalde;  
Asdo; Alberto González Fernández”.

**Vista a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, acordou a súa aprobación en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 que a conforman).**

FÓRA DA ORDE DO DIA

Por vía de urxenza o sr. Alcalde presenta o punto que de seguido se di, por urxir a aprobación das bases para poder efectuar en tempo ás axudas ás familias para material escolar e para transporte.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes ratifica a urxenza e inclúese este asunto Fóra da Orde do Día da sesión:

## **.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2022.-**

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, visto o informe de Intervención e visto o informe técnico do departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación:

#### ***INFORME SOBRE BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2022.***

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación á convocatoria anual de subvencións municipais de apoio ao estudo*

**INFORMO:**

1. *Que respecto ás axudas do ano pasado, non se contempla a liña de subvención para material tecnolóxico, xa que tiña carácter extraordinario debido á existencia do financiamento e tamén pola necesidade de moitas familias de ter un dispositivo tecnolóxico nas casas para facer o seguemento dos estudos.*
2. *Que considerando que a duración estándar do curso universitario pode chegar aos 5 anos, valórase preciso ampliar dos 21 anos que figuraban ata os 23 anos, para cubrir a duración da modalidade educativa de maior duración.*
3. *Que se modifica o procedemento para a compra e pagamento da axuda, pasando a ser por transferencia bancaria ás familias unha vez xustificada a axuda.*
4. *Que debido ao procedemento anteriormente descrito, algunhas familias non poden anticipar os cartos da compra á espera da devolución por parte do Concello, polo que neses casos, poderán asinar unha cesión para que o Concello pague directamente ao establecemento.*
5. *Que se destina un crédito de 10000 euros para soste a previsión do gasto das solicitudes.*
6. *Que é probable que a axuda para a matrícula no Punto de Atención Infantil non chegue a facerse efectiva ante as expectativas da gratuidade do recurso o ano que vén, á espera da confirmación da Xunta e da comunicación do procedemento de financiamento.*
7. *Que se inclúen nestas axudas os seguintes gastos subvencionables co obxectivo de cubrir a necesidade máis básica de cada nivel educativo:*

#### **1) Material para o estudo**

1. 1. *Gastos de material para o estudo e complementario que sexa necesario por consecuencia da escolaridade nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e universidade. Os conceptos específicos que se subvencionan son:*

- *Material escolar funxible (cores, libretas, folios, específico profesional, rato de ordenador, tinta de impresora, pendrive, etc)*
- *Material complementario: compás, regras, estoxo, mochila, libros de lectura, etc.*
- *Material deportivo: chandal, tenis, camisetas e calcetíns.*

1.2. Gastos en concepto de matrícula no Punto de atención infantil do concello de Valdoviño

## 2) Transporte

2.1 Gastos de transporte derivados do desprazamento aos centros de estudo (para alumnado de Bacharelato , Formación Profesional e Universidade).

8. Que se inclúen as seguintes contías:

	CONTÍA DO 100 %	CONTÍA DO 50%	CONTÍA ÚNICA
Material funxible, complementario e deportivo	90,00 €	45,00 €	
Matrícula Punto de Atención á Infancia			45,00 €
Transporte	100 €		

9. Que as bases foron revisadas polo departamento de servizos económicos

En Valdoviño, a 09 de xuño de 2022

Iria García Martínez Educadora Social “

## PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases reguladoras das medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte do ano 2022.

En Valdoviño, a 16 de xuño de 2022

Alberto González Fernández, O Alcalde

## **BASES REGULADORAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E AO TRANSPORTE**

### **ARTIGO 1.- OBXECTO E FINALIDADE**

O obxecto da convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da escolaridade ou dos recursos de atención preescolar para a conciliación familiar e laboral.

Polo tanto, constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación da convocatoria pública, por parte do Concello de Valdoviño, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias, para os gastos derivados do estudo nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional ou universidade, así como para os gastos de matrícula dos recursos municipais de atención preescolar.

Trátase de promover unha política de benestar social que contribúa a paliar os efectos da crise, as diferenzas sociais, os riscos de exclusión social ou mesmo e que favoreza a integración dos nenos e nenas no sistema educativo e a integración das familias co contexto formativo-laboral.

## **ARTIGO 2. RÉXIME XURÍDICO**

O marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Bases de execución do orzamento municipal do 2021.

- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos

## **ARTIGO 3. FINANCIAMENTO**

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 10.000 €. O financiamento destas axudas efectuaranse con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2022, atendendo ás seguintes especificacións.

Gastos de material para o estudo de carácter funxible, complementario ou deportivo: 8000€

Gastos de transporte: 2000€

Partida: 231.48000

No caso de non esgotarse o crédito correspondente a cada liña, poderá destinarse ao gasto dos conceptos incluídos na outra liña.

No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible. No caso de non ser posible a ampliación do crédito, procederase a realizar unha

división proporcional entre as persoas solicitantes, se a cantidade final é aceptable e permite a realización do gasto obxecto da subvención. De non ser posible o reparto proporcional, seguirase un sistema de baremación que priorice ás rendas máis baixas e ás familias de especial consideración, segundo a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

a) *As familias numerosas.*

b) *As familias monoparentais* (para este efecto terase en conta que o/a menor dependa economicamente e en exclusiva da persoa gardadora, sen contribución económica do outro proxenitor).

c) *As familias con persoas maiores ao cargo.*

d) *As familias con persoas con discapacidade ao cargo.*

e) *As familias con persoas dependentes ao cargo.*

f) *As familias acolledoras*

#### **ARTIGO 4. PROCEDEMENTO**

O procedemento de concesión das axudas será en réxime de concorrencia competitiva.

##### **a) Instrución e órgano instrutor**

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será o persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, ou persoa en quen delegue. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas. Na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as ou se non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, concederá un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

##### **b) Comisión avaliadora**

A Comisión Avaliadora estará composta pola concelleira de Servizos Sociais, e persoal técnico dos departamentos de Secretaría, Servizos económicos e Servizos Sociais. A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión ao Alcalde-Presidente a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

##### **c) Resolución**

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal.



O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

## **ARTIGO 5: LIÑAS SUBVENCIONABLES**

### **1) Material para o estudo**

1. 1. Gastos de material para o estudo e complementario que sexa necesario por consecuencia da escolaridade nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e universidade. Os conceptos específicos que se subvencionan son:

- Material escolar funxible (cores, libretas, folios, específico profesional, rato de ordenador, tinta de impresora, pendrive, etc)
- Material complementario: compás, regras, estoxo, mochila, libros de lectura, etc.
- Material deportivo: chandal, tenis, camisetas e calcetíns.

1.2. Gastos en concepto de matrícula no Punto de atención infantil do concello de Valdoviño

### **2) Transporte**

2.1 Gastos de transporte derivados do desprazamento aos centros de estudo (para alumnado de Bacharelato , Formación Profesional e Universidade).

## **ARTIGO 6. AXUDAS PARA MATERIAL PARA O ESTUDO**

### 6.1 Persoas beneficiarias

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai, titor/a ou familias acolledoras de un/unha ou varios fillo/s ou filla/s con idade igual ou inferior a 23 anos, coas características requiridas nas diferentes liñas subvencionadas.

### 6.2 Requisitos das persoas beneficiarias

- Ter fillos ou fillas menores con idade ou igual ou inferior a 23 anos e ter empadroamento no Concello de Valdoviño.
- O neno/a ou rapaz/a debe ter escolarización nos niveis de infantil, primaria ou secundaria dalgún dos centros educativos do concello de Valdoviño (exceptuando aqueles casos nos que non exista praza e inspección determine o traslado a centros de outras localidades) ou cursando Bacharelato/ Formación Profesional nalgún centro público educativo dos concellos limítrofes ou Universidade.

*\*No caso da matrícula no Punto de Atención á infancia, ter formalizada a matrícula para o curso 2022/2023*

- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Valdoviño, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria,

coa Seguridade Social e coa Facenda da Comunidade Autónoma.

- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 6.

### 6.3. Contía das axudas

As contías das subvencións quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo:

	CONTÍA DO 100 %	CONTÍA DO 50%	CONTÍA ÚNICA
Material funxible, complementario e deportivo	90,00 €	45,00 €	
Matrícula Punto de Atención á Infancia			45,00 €

### 6.4. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Valdoviño:

- a) Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto nos conceptos sinalados no punto 2.
- b) Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coa presentación da seguinte documentación:
  - No caso dos gastos de material escolar: cos xustificantes orixinais correspondentes dentro do prazo establecido.
  - No caso da matrícula por participación nas Escolas infantís ou Puntos de atención infantil do Concello de Valdoviño: con xustificante de matrícula para o curso 2022/2023.

Os xustificantes deberán estar expedidas ao nome da nai/pai, titor/a ou persoa responsable, e/ou os conceptos deberán aparecer suficientemente claros e descritos para a adecuada verificación da correspondencia cos conceptos subvencionables detallados no punto 2 das bases reguladoras.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro do Concello de Valdoviño

d) Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

*O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.*

### 6.5 Criterios de valoración económica

#### **6.5.1. Material escolar**

• **1º Suposto:** subvencionarase o 100% da contía establecida en base ao seguinte baremo:

Nº PERSONAS UNIDADE DE CONVIVENCIA	INTERVALOS IPREM	CAPACIDADE ECONÓMICA ANUAL
2	Menor ou igual que o 1,8 do IPREM	11617,34
3	Maior que o 1,8 do IPREM e menor ou igual que o 2,3 do IPREM	11617,34- 14844,38
4	Maior que o 2,3 do IPREM e menor ou igual que o 2,8 do IPREM	14844,38- 18071,42
5	Maior que o 2,8 do IPREM e menor ou igual que o 3,3 do IPREM	18071,42- 21298,46
6	Maior que o 3,3 do IPREM e menor ou igual que o 3,8 do IPREM	21298,46- 24525,50

*\*Terase en conta o límite máximo de cada fila (segundo nº membros) para o cumprimento do requisito económico.*

·**2º Suposto:** subvencionarase o 50% da contía establecida en base ao seguinte baremo:

Nº PERSONAS UNIDADE DE CONVIVENCIA	INTERVALOS IPREM	CAPACIDADE ECONÓMICA ANUAL
2	Menor ou igual que o 2 do IPREM	12908,16
3	Maior que o 2,3 do IPREM e menor ou igual que o 2,8 do IPREM	14844,38-18071,42
4	Maior que o 2,8 do IPREM e menor ou igual que o 3,3 do IPREM	18071,42- 21298,46
5	Maior que o 3,3 do IPREM e menor ou igual que o 3,8 do IPREM	21298,46- 24525,50
6	Maior que o 3,8 do IPREM e menor ou igual que o 4,3 do IPREM	24525,50- 27752,54

*\*Terase en conta o límite máximo de cada fila (segundo nº membros) para o cumprimento do requisito económico.*

### 6.5.2. Consideracións da unidade familiar

A efectos destas axudas, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección da/o menor, así como os fillos e fillas, tendo tamén esta consideración os fillos/fillas aportados á unidade familiar por algún membro da parella e que consten empadroados nese domicilio. Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, titor/a do neno/a, sempre que convivan no domicilio familiar.

A estes efectos, considérase o domicilio familiar das nenas ou nenos beneficiarios o que figura no padrón de habitantes.

No caso de existir separación/divorcio só poderá solicitar unha das persoas con responsabilidade legal (garda e custodia) do/da fillo/a.

### **6.5.3.Renda familiar**

Para calcular os ingresos totais, teranse en conta todos os ingresos dos membros da unidade familiar.

Para a comprobación da renda terase en conta o último exercicio fiscal dispoñible. A renda anual da unidade familiar será a suma do establecido na base imponible xeral e do aforro que consten na/s correspondente/s declaración/s do IRPF do último exercizo presentado.

Nos casos en que non exista obriga de presentar declaración do IRPF, tomaranse os datos reflectidos no certificado de renda emitido pola AEAT.

No caso de que algún dos fillos/as teña recoñecido un grado de discapacidade igual ou superior ó 33% e sexa economicamente dependente dos seus proxenitores computará como dous membros.

### 6.6 Solicitude e documentación necesaria

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada (ou pai/nai/titor/a legal) segundo o modelo específico para iso (**ANEXO I**). A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir cuberta na súa totalidade e acompañada da seguinte documentación:

- 1) Solicitude da axuda
- 2) Fotocopia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de idade.
3. Fotocopia do libro de familia.
4. Matrícula escolar ou xustificante escolar para o curso 2022/2023 en Bacharelato, Formación Profesional ou Universidade.
4. Xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar (última declaración da renda de todos os membros se non é conxunta ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria)
5. Copia acreditativa de discapacidade /dependencia dalgún membro da unidade familiar
6. Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, Xeral de Subvencións (*Asinar na solicitude*).

### 6.7 Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral da Casa do Concello de Valdoviño de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará 30 días despois.

### 6.8 Documentación para a xustificación

A xustificación da axuda farase coa presentación no Rexistro xeral do Concello dos seguintes documentos:

- Solicitud de xustificación (**ANEXO II**)
- Certificado da conta bancaria, do pai/nai ou titor/a do alumno/a para o que se solicita a axuda.
- Acreditación da realización do gasto, coas correspondentes FACTURAS nas que figuren os conceptos. As facturas corresponderán aos gastos realizados como máximo ata o día 30 de setembro.

### 6.9. Prazo de xustificación do gasto

O prazo de presentación no Rexistro xeral dos documentos xustificativos empezará o primeiro día hábil do mes de outubro e rematará improrrogablemente 15 días despois.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non xustificar de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa solicitude.

### 6.10 Pagamento das axudas:

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito da persoa beneficiaria, e previo informe dos servizos sociais municipais, directamente ó establecemento subministrador dos produtos comprados.

En todos os casos, as facturas deberán expedirse a favor do beneficiario da axuda.

## **ARTIGO 7.- AXUDA PARA TRANSPORTE ESCOLAR**

### 7.1 Persoas beneficiarias

Poderán solicitar esta subvención, as familias con menores con escolarización en Bacharelato e Formación Profesional de Concellos próximos, así como as persoas maiores de idade que cursen estudos nalgunha das Universidades de Galicia (igual ou menores de 23 anos)

## 7.2 Requisitos das persoas beneficiarias

- Ter empadramento no Concello de Valdoviño.
- Xustificante de matrícula en Bacharelato, Formación profesional e Universidade para o curso 2022/2023.
- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Valdoviño, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda da Comunidade Autónoma.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 6.

## 7.3. Contía das axudas

As contías das subvencións quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo:

CONTÍA DO 100 %
100,00 €

## 7.4. Obrigas das persoas beneficiarias

- As persoas beneficiarias terán a obriga ante o Concello de Valdoviño de acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención, coa presentación da documentación.
- Someterse ás actuacións de comprobación por parte do Concello e ás de control financeiro que corresponda á intervención municipal.
- Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

*O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.*

## 7.5. Criterios de valoración económica

Subvencionarase en base ao seguinte baremo:

Nº PERSOAS UNIDADE DE CONVIVENCIA	INTERVALOS IPREM	CAPACIDADE ECONÓMICA ANUAL
2	Menor ou igual que o 1,8 do IPREM	11617,34
3	Maior que o 1,8 do IPREM e menor ou igual que o 2,3 do IPREM	11617,34- 14844,38
4	Maior que o 2,3 do IPREM e menor ou igual que o 2,8 do IPREM	14844,38- 18071,42
5	Maior que o 2,8 do IPREM e menor ou igual que o 3,3 do IPREM	18071,42- 21298,46
6	Maior que o 3,3 do IPREM e menor ou	21298,46- 24525,50

	igual que o 3,8 do IPREM	
--	--------------------------	--

*\*Terase en conta o límite máximo de cada fila (segundo nº membros) para o cumprimento do requisito económico.*

- No caso de que un membro da familia teña recoñecida unha discapacidade contará como dobre.
- As familias monoparentais tamén contarán como dobre.

#### 7.6 Solicitud e documentación necesaria

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada (ou responsables legais) segundo o modelo específico para iso **(ANEXO I)**. A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir cuberta na súa totalidade e acompañada da seguinte documentación:

- 1) Solicitud da axuda
- 2) Fotocopia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de idade.
- 3) Fotocopia do libro de familia.
- 4) Matrícula escolar ou xustificante escolar para o curso 2022/2023 en Bacharelato, Formación Profesional ou titulacións Universitarias (Universidades públicas galegas)
- 5) Xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar (última declaración da renda de todos os membros se non é conxunta ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria)
- 6) Copia acreditativa de discapacidade /dependencia dalgún membro da unidade familiar
6. Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, Xeral de Subvencións (*Asinar na solicitude*).

#### 7.7. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral da Casa do Concello de Valdoviño.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará 30 días despois.

#### 7.8. Documentación para a xustificación

A xustificación da axuda farase coa presentación no Rexistro xeral do Concello dos seguintes documentos:

- Solicitud de xustificación **(ANEXO II)**
- Certificado da conta bancaria, do pai/nai ou titor/a do alumno/a para o que se solicita a axuda ou a nome das persoas beneficiarias se son maiores de idade.
- Documentación acreditativa: xustificante de ter metido na tarxeta de transporte unha contía igual ou superior á da axuda.

### 7.9. Prazo de xustificación do gasto

O prazo de presentación no Rexistro xeral dos documentos xustificativos empezará o **primeiro día hábil do mes de outubro e rematará improrrogablemente 15 días despois.**

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non xustificar de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa solicitude.

### 7.10. Pagamento

O pagamento da axuda concedida farase efectivo unha vez xustificado o gasto realizado.

Realizárase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

No suposto de presentar a totalidade dos xustificantes de pagamento requiridos e que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, aboarase a totalidade da subvención

Nos supostos de non presentar a totalidade dos xustificantes requiridos ou de non certificar o cumprimento da totalidade dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, aboarase, de forma provisional, segundo o importe xustificado ou segundo a desviación das previsións iniciais.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que, por razón de necesidade, precariedade ou urxencia, se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, co visto e praxe da Concelleira de Servizos Sociais.

## **ARTIGO 8. INCUMPRIMENTOS DAS OBRIGAS POR PARTE DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS**

Se os/as beneficiarios/as das axudas, non cumprisen coas obrigas establecidas nestas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ao igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non cumpren os requisitos para ser beneficiarios/as de subvencións .

## **ARTIGO 9. DISPOSICION ADICIONAL**

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Galicia, xeral de subvencións.

## **ARTIGO 10. CONFIDENCIALIDADE**

Segundo o disposto Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no artigo 6.3.f da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, garantiráselle ás persoas usuarias dos servizos sociais o dereito “ á confidencialidade, ao sigilo e ao respecto con relación aos seus datos persoais e coa súa información que sexa coñecida polos servizos sociais en razón da súa intervención profesional...”.

## **ARTIGO 11. PUBLICIDADE**

O concello de Valdoviño dará publicidade da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal.



/Os Anexos I, II e III a empregar serán os que constan no expediente tramitado ao efecto/.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a componen), acordou a aprobación das bases reguladoras das medidas de apoio as familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte do ano 2022 e polo tanto a proposta de Alcaldía transcrita anteriormente.**

PARTE ACTIVIDADE

**8º.- DAR CONTA DE ESCRITO DE EULOGIO VIÑAL IGLESIAS EN REPRESENTACIÓN DE : EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.-**

-  
Por acordo de Xunta de Goberno local adoptado en sesión de 2.06.22 requeriuse ao adxudicatario das obras: “ Ejecución de fachada e carpinterías no Centro de Saúde de Valdoviño”, Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A, para que explicase os motivos de non cumprimento (non execución da obra e rematado o prazo de execución).

A empresa tamén ten pedida unha revisión de prezos, do que se deu conta na sesión de Xunta de 2.06.22.

Efectuado o requerimento, a empresa en data 13.06.22 presenta escrito rexistrado de entrada municipal núm. 20229990000873 de 13.06.22, e DÁSE CONTA á Xunta de Goberno Local do CITADO ESCRITO, do seguinte contido:

*“Ao Concello de Valdoviño.*

*Obra: Ejecución de fachada y carpinterías en el Centro de Salud de Valdoviño.*

*D. EULOGIO VIÑAL IGLESIAS (32.788.372-D) en su calidad de representante legal de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SOCIEDAD ANÓNIMA (A15352735), con domicilio social en Oroso (A Coruña), en lugar de Penateixa, núm. 13- Gándara, comparece y respetuosamente DICE:*

*ÚNICO.- Que evacuando el traslado conferido tras el acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno Local el día 02 de junio de 2022, y a efectos de cumplimentar en plazo con el requerimiento, a medio del presente escrito ponemos en conocimiento del Concello, que, según es público y notorio, el extraordinario e histórico aumento que ha experimentado el precio de ciertas materias primas y, como consecuencia de ello, el precio de los materiales con los que se han de ejecutar la obra de referencia, ha provocado que los precios unitarios contemplados en el proyecto de obra adjudicada a la mercantil que represento hayan quedado tan desfasados que es absolutamente imposible ejecutarle en las condiciones pactadas sin incurrir en pérdida, siendo ese el motivo por el que todavía no ha dado comienzo a la ejecución de la obra a la espera de que el precio de los materiales puedan bajar, algo que no parece que pueda suceder en el medio plazo vista la crisis geopolítica glboal.*

*Por ello, de conformidad con lo preceptuado en la Ley de Contratos del Sector Público y sus normas de desarrollo, y de conformidad con la legislación tanto estatal como autonómica aprobada en las últimas fechas para hacer frente precisamente al problema supraindicado, a medio del presente escrito, y en la representación dsque tiene encomendada, interesa el que suscribe que se lleve a término una revisión de los precios contemplados en el proyecto de obra a efectos de reestablecer el equilibrio de las obligaciones contractuales.*

*Por lo expuesto, al Concello de Valdoviño, respetuosamente SOLICITA:  
Que habiendo por presentado este escrito se sirva admitirlo y, en su virtud, tenga por cumplimentado el requerimiento y acuerde de conformidad con lo interesado.  
En Oroso, a 13 de junio de 2022.  
Asdo dixital”.*

**A Xunta de Goberno Local tomou coñecemento do escrito presentado así coma do seu contido.**

**9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*